

Campamento Concilia



Requisitos:

- *Nenas e nenos de Infantil (2º ciclo) e Primaria empadroados.*
- *Non empadroados: confirmarase dispoñibilidade de praza.*
- *No caso de que o número de solicitudes exceda o número de prazas que se poidan ofertar en función da normativa sanitaria vixente no momento, procederase ao sorteo que se celebrará nas instalacións do departamento de educación o día 11 de xuño ás 10 horas. Non será posible o acceso libre a este acto polas condicións derivadas no COVID19.*

Normas xerais de aplicación a esta convocatoria de preinscrición:

- *As persoas interesadas poderán formalizar a preinscrición presencialmente nas dependencias do departamento de educación ou a través de correo electrónico (educacion@arteixo.org) do **1 ao 10 de xuño. Deberán poñer no asunto campamento 2021***
- *Deberán adxuntar o impreso de solicitude e o impreso de declaración complementaria.*
- *Realizarase preinscrición para analizar necesidades das familias de cara á conciliación no período de verán.*
- *A execución do campamento e dos servizos asociados estará supeditado ás normativas derivadas do COVID 19 e directrices de seguridade.*



CONCELLO DE ARTEIXO

CONCELLARÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN

Avda. dos Bosques, 16, baixo
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 647 294
Email: educacion@arteixo.org

- *Previo á formalización da praza de campamento, é obrigatoria a presentación polas familias da declaración responsable donde garantan que durante os 14 días previos á entrada no campamento a persoa participante non ten sufrido tos, fiebre, cansancio, malestar xeral e que non ten estado en contacto con persoa con dita sintomatoloxía.*
- *As familias deberán cumprir estrictamente todas as condicións e medidas que se lles indiquen como forma de protección da saúde de todas as persoas participantes.*
- *Reforzaranse as frecuencias de hixienización e a frecuencia de ventilación.*
- *O campamento realizarase nas instalacións do centro **AGARIMO***
- *Unha vez que se dispoña das preinscricións, contactarase coas familias para a concreción de todos os aspectos previos ao pago do prezo público.*

Servizos ofertados (supeditado ás autorizacións administrativas que correspondan):

- **Madrugadores** (7:15 h a 10:00 h).
- **Almorzo** (inclúe madrugadores) (7:15 h a 10:00 h)
- **Servizo de comedor** (14:00 h a 16:00 h)
- **Transporte.**
- **Ludoteca** (16:00 h a 17:30 h)
- *Requírese n^o mínimo de participantes para a posta en funcionamento dos Servizos.*

Lugar de execución: Centro Agarimo

Datas de execución:

<i>Data</i>	<i>Quenda</i>	<i>Nº de días</i>
23 a 30 xuño	1ª	6
1 a 15 xullo	2º	11
16 a 30 xullo	3ª	10
2 ao 13 agosto	4º	10
16 a 31 agosto	5ª	12
Setembro	Segundo data inicio curso	

Prezo público: segundo o estipulado na ordenanza reguladora, sendo os custos para cada quenda os seguintes:

<u>Quenda/ servizo</u>	<u>Madruga- dores</u>	<u>Almorzo (inclúe madrugadores)</u>	<u>Campamento</u>	<u>Xantar</u>	<u>Ludoteca</u>
1ª quenda	9,00 €	15,00 €	24,00 €	24,00 €	9,00 €
2ª Quenda	16.50€	27,50 €	44 €	44 €	16,50 €
3ª Quenda	15 €	25,00 €	40 €	40 €	15 €
4ª Quenda	15 €	25,00 €	40 €	40 €	15€
5ª Quenda	18€	30,00 €	48 €	48 €	18 €
6ª quenda	Por determinar segundo data de inicio do curso				

Temática:

“COÑECE O TEU CONCELLO”

Quenda	Temática
23-30 xuño	<p><u>Onde nos atopamos?</u></p> <p>Durante a primeira quenda imos traballar principalmente o lugar onde vivimos. De xeito lúdico, aprenderemos as características principais do noso pobo e insistiremos na necesidade de coidar e respetar todo o que temos ao redor.</p>
1-15xullo	<p><u>O litoral de Arteixo</u></p> <p>Nesta quenda descubriremos a costa do noso concello. Coñeceremos as praias, as sendas, investigaremos sobre a paisaxe e a fauna que podemos atopar e tamén das parroquias que están bañadas polo mar. Saída á praia de Sabón.</p>
16-30 xullo Inmersión lingüística	<p><u>Presente, pasado e futuro de Arteixo</u></p> <p>Para coñecer mais en profundidade o noso concello, é esencial indagar na súa historia, dende os seus comezos ata o presente. Realizaremos actividades e obradoiros que identifiquen o noso pobo. Saída a Monticaño.</p>
2-13 agosto	<p><u>As nosas tradicións</u></p> <p>Coñecer algunhas das tradicións máis típicas do pobo, explicar algunhas delas que aínda están vivas, como os Magostos en novembro, a preparación de filloas para o entroido, a noite do San Xoán en xuño. Aprenderemos cales eran os oficios máis tradicionais e intentaremos poñer en práctica algún deles. Saída á Fraga de Sisalde.</p>
16-31 agosto Inmersión lingüística	<p><u>As festas do pobo</u></p> <p>Faremos un percorrido polas principais festas patronais que temos en cada unha das 13 parroquias que forman o Concello de Arteixo. Recreación da Festa das Flores coa elaboración de Maíos, bailes, música e xogos tradicionais. Saída a Área Recreativa do Seixedo.</p>
Setembro Según data comezo de curso	<p><u>Que facer en Arteixo?</u></p> <p>A última quenda do campamento está adicada ó tempo de lecer, coñeceremos as diferentes opcións que nos brinda o Concello de Arteixo para o ocio e o tempo libre.</p>



CONCELLO DE ARTEIXO

CONCELLARÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN

Avda. dos Bosques, 16, baixo
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 647 294
Email: educacion@arteixo.org

Organización:

- *Organizaranse grupos reducidos cumprindo a normativa de aplicación.*
- *Estes grupos estarán constituídos preferentemente sempre polas mesmas persoas para reducir posibilidades de contaxios.*
- *As actividades diarias organizaranse segundon nº de participantes e adaptando os espazos. Optarase por un único punto de execución docampamento con suficiente amplitude para acoller participantes emanter distancias de seguridade.*
- *No caso de executarase de forma centralizada, acotarase espazos que permitan o mantemento de distanciamento entre os grupos e entre as persoas dentro de cada grupo.*
- *As familias deberán estar en disposición de recoller á persoa participante de forma inmediata no caso de que así se requira pola organización por razóns de seguridade.*
- *No caso de menores con NEE que polas súas características persoais presenten dificultades para participar nas actividades de grupo, contarase con monitorado de apoio que non realizará tarefas de carácter sanitario polas especiais condicións COVID19.*
- *O Concello de Arteixo resérvase o dereito á reorganización, adaptacións e/ou suspensión de servizos ou actividades se a situación sanitaria así o require.*